

Índice

1. Introducción e contextualización	2
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3. Obxectivos	5
4. Contidos: temporalización	7
5. Criterios de avaliación	17
6. Contidos mínimos	19
7. Procedementos e instrumentos de avaliación	19
8. Criterios de cualificación e promoción do alumnado	21
9. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	22
10. Metodoloxía	23
11. Materiais e recursos didácticos	24
12. Medidas de atención á diversidade	24
13. Elementos transversais	25
14. Actividades complementarias e extraescolares	25
15. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	26
16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das PD en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	26

1. Introducción e contextualización

Nome do centro	IES A Cachada
Código	15027851
Oferta Educativa	ESO
Composición do Departamento	Berta Gómez López (XD - PES - Destino definitivo) Olga López Taladrid (ED - PES - Destino definitivo) Joaquín Morales Leyva (PES EPeV afín Francés - Destino definitivo)
Materias asignadas ao Departamento	FLE1 (Francés 1ª Lingua Estranxeira) en 4º ESO FLE2 (Francés 2ª Lingua Estranxeira) en 1º, 2º, 3º e 4º ESO
Medios materiais a disposición do Departamento	Aula de Francés, dotada de ordenador e proxector . Sitio web: moncoursdefle.jimdo.com . Blog: http://exofle.blogspot.com . Biblioteca do centro

Reparto horario e de grupos

Total horas Departamento	39
Horas asignadas ao Departamento	28 Olga 11 Berta 17
Horas de redución	3+8
Horas asignadas ao Dpto. EpeV	4

Berta	1º B	2º A	2º B	2º C	2ºD	3º AD*	3º BC*	4º ABC
Olga	1º C	1º E*	1º F*	2º E	4º B			
Joaquín	1º A	1º D						

*A SB de EPeV en 1º ESO sitúase nos grupos E e F; a de 3º ESO nos grupos A e B

Normativa de referencia empregada na elaboración desta programación

- Lei Orgánica 2/2006 de Educación, **LOE** ([BOE 04/05/2006](http://www.boe.es/boe-2006-05-04)).
- Decreto 133/2007 ([DOG 13/07/07](http://www.dog.es/dog-2007-07-13)) polo que se regulan as **ensinanzas da ESO en Galicia (Lingua estranxeira)**, Orde pola que se desenvolve a **implantación da ESO en Galicia** do 6 de setembro de 2007 ([DOG 12/09/07](http://www.dog.es/dog-2007-09-12)) e Real Decreto 1631/2006, ([BOE 29/12/06](http://www.boe.es/boe-2006-12-29)), polo que se establecen as **ensinanzas mínimas** na ESO (páx. 766).
- Orde sobre **Avaliación** do 28 de agosto de 1995 ([BOE 20/09/95](http://www.boe.es/boe-1995-09-20)) e sobre **Avaliación en Galicia**, Orde do 21 de decembro do 2007 ([DOG 07/01/08](http://www.dog.es/dog-2007-01-08)). Artigo 96 do Decreto 324/1996 ([DOG 9/08/96](http://www.dog.es/dog-1996-08-09)) polo que se aproba o **Regulamento Orgánico dos IES** (para a elaboración da Programación) e Orde do 1 de agosto do 97 ([DOG 2/09/97](http://www.dog.es/dog-1997-08-02)) pola que se desenvolve o Decreto (art. 50, para a elaboración da Memoria).

- Decreto 127/2007 ([DOG 29/06/07](#)) polo que se regula o **uso e promoción do galego** no sistema educativo.
- ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as **seccións bilingües** en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas

Tal e como indica a lexislación vixente, esta programación ten en conta a contribución que debe facer a cada unha das oito competencias básicas.

A contribución desta a materia á adquisición das competencias básicas realízase nos mesmos termos que a da primeira lingua estranxeira.

Competencia en comunicación lingüística

Ser capaz de...	Metodoloxía prevista para acadala
<ul style="list-style-type: none"> • expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións • dialogar, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento • desfrutar escoitando, lendo e expresándose • empregar a comunicación como eixe de resolución pacífica de conflitos • empregar a lingua estranxeira para enriquecer as relacións sociais 	<ul style="list-style-type: none"> • actividades orais e escritas, mímicas, que recreen situacións cotiás e propician a expresión de emocións e pensamentos, individual e colectivamente • actividades teóricas que proporcionan ou reforzan os coñecementos lingüísticos e sociolingüísticos precisos para construír o discurso • proxectos arredor da cultura francófona (prensa, música, cine, literatura, etc.) • web 2.0. (creación e consulta de blogs, uso das redes sociais)

Competencia matemática

Ser capaz de...	Metodoloxía prevista para acadala
<ul style="list-style-type: none"> • utilizar e relacionar os números e as súas operacións básicas, símbolos, etc • interpretar e expresar con claridade e precisión informacións e datos numéricos • seguir cadeas argumentais de xeito inductivo e deductivo • aplicar elementos de lóxica 	<ul style="list-style-type: none"> • actividades que aportan ou exercitan coñecementos lingüísticos relativos ao campo semántico das matemáticas (ordinais e cardinais, elementos xeométricos, medidas, símbolos, a comparación) • uso de simboloxía, esquemas • actividades que propician o razoamento deductivo e inductivo (ex. deducir regras gramaticais por observación)

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

Ser capaz de...	Metodoloxía prevista para acadala
<ul style="list-style-type: none"> • desenvolverse en ámbitos moi diversos: saúde, produción, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos • comprender sucesos • predecir consecuencias • mostrar actitudes de responsabilidade • interactuar co espazo circundante: moverse nel e resolver problemas nos cales interveña os obxectos e a súa posición • adoptar unha disposición saudable na súa vida física e mental • usar con responsabilidade os recursos naturais e o consumo responsable 	<ul style="list-style-type: none"> • variación dos emprazamentos do alumnado na aula • actividades que provoquen o movemento: xogos, presentacións... • actividades que provoquen o traballo en parella, pequeno grupo e gran grupo • observación do comportamento físico e actitude social do alumnado • promoción do uso responsable do material escolar, cuidándoo e reciclándoo.

Tratamento da información e competencia dixital

Ser capaz de...	Metodoloxía prevista para acadala
<ul style="list-style-type: none"> • buscar, obter, procesar e comunicar información • transformar información en coñecemento: organizala, relacionala, analizala, sintetizala, inferir e deducir • empregar as TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse • manexar estratexias para identificar e resolver problemas habituais de hardware e software 	<ul style="list-style-type: none"> • familiarizar ao alumnado con diferentes fontes de información (artigos xornalísticos, gráficos, mapas, fotografías, etc) no seu formato impreso e dixital • acceder con relativa frecuencia ás fontes dixitais de información • familiarizar ao alumnado co uso do material informático mediante o seu uso máis ou menos frecuente no centro • solicitar a realización de diversos traballos en formato dixital • uso de chats, foros, correo electrónico, blogs, etc • uso de diferentes ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, internet, presentacións • uso de distintos recursos dixitais: software específico, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores automáticos, etc.

Competencia social e cidadá

Ser capaz de...	Metodoloxía prevista para acadala
<ul style="list-style-type: none"> • comprender e mellorar a realidade social • cooperar, convivir, participar • decidir cómo comportarse en base ao xuízo moral • responsabilizarse das escollas • razoar criticamente sobre situacións reais • dialogar para mellorar colectivamente a realidade • entender os trazos das sociedades actuais e as achegas que fixeron á humanidade • mostrar un sentimento de cidadanía global compatible coa identidade local • ser consciente dos valores do entorno • crear un sistema de valores propio e adecuar o comportamento a el • coñecerse e valorarse • comunicar en distintos contextos • empatizar • valorar a diferenza • reflexionar criticamente sobre os seguintes conceptos: democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía 	<ul style="list-style-type: none"> • traballo en parellas, pequeno e gran grupo, valorando positivamente o bo entendemento • debates e explicacións das normas de convivencia no interior das aulas • promoción de traballos interculturais (chat /correspondencia con adolescentes francófono, eventos e festividadeas, costumes dos países de fala francesa)

Competencia cultural e artística

Ser capaz de...	Metodoloxía prevista para acadala
<ul style="list-style-type: none"> • coñecer, comprender e valorar criticamente as manifestacións culturais, artísticas e deportivas • acceder ás súas distintas manifestacións grazas a certas habilidades e actitudes • comprender diferentes realidades e producións culturais e artísticas • expresarse mediante códigos artísticos • coñecer basicamente as principais técnicas e recursos das linguaxes artísticas • apreciar a creatividade implícita na música, na literatura, nas artes visuais e escénicas e nas artes populares • valorar a liberdade de expresión, diversidade cultural e o diálogo intercultural • participar con interese na vida cultural contribuíndo a conservar o patrimonio cultural e artístico propio e alleo 	<ul style="list-style-type: none"> • fomento dun traballo limpo e organizado • presentación en positivo de fenómenos culturais e artísticos do mundo francófono • participación en eventos artístico-culturais (OUFF escola, EducaconTIC) • montaxes de pezas ou fragmentos de textos teatrais

Competencia para aprender a aprender	
Ser capaz de...	Metodoloxía prevista para acadala
<ul style="list-style-type: none"> • iniciarse na aprendizaxe e continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo • ser consciente das propias capacidades (intelectuais, emocionais e físicas), do proceso e das estratexias necesarias para desenvolverlas • ser consciente do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer coa axuda doutras persoas ou recursos • ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender, de como se aprende, de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe • xestionar e estimular a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística 	<ul style="list-style-type: none"> • autoavaliación • técnicas de aprendizaxe • corrección cruzada • autocorrección • traballo en equipo

Autonomía e iniciativa persoal	
Ser capaz de...	Metodoloxía prevista para acadala
<ul style="list-style-type: none"> • comportarse con responsabilidade, perseverancia, creatividade • coñecerse a un mesmo • ter autoestima • facer autocrítica • ter control emocional • calcular riscos • afrontar os problemas • demorar a necesidade de satisfacción inmediata • aprender dos erros • asumir riscos • imaxinar proxectos • propoñerse obxectivos, planificar e levar a cabo proxectos • avaliar e autoavaliarse • ter unha actitude positiva cara ao cambio • ser asertivo nas comunicacións co entorno das propias decisións 	<ul style="list-style-type: none"> • atribución de tarefas e responsabilidades ao alumnado acordes coa súa idade e posición • respecto das datas e prazos de entrega fixados para os traballos • acompañamento nas tarefas dende a distancia, deixando que o alumnado atope e resolva os problemas que se lle presenten • autorrección dos exercicios • situacións que provoquen o erro lingüístico co fin de analízalo, comprendelo e evitalo noutras ocasións • valoración positiva das comunicacións asertivas e negativa das que non o son • exercicios que promoven a madurez e a autonomía: presentacións, explicacións ao resto do grupo, etc.

3. Obxectivos

FLE1 · Francés Primeira Lingua Estranxeira	FLE2 · Francés Segunda Lingua Estranxeira
<ol style="list-style-type: none"> 1. escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante. 2. Comunicarse oralmente en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía. 3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal. 4. Escribir textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprender mensaxes orais claras e sinxelas, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que conteñan información básica sobre o contorno próximo familiar e social e producidas por falantes ou por medios de reprodución e de comunicación. 2. Utilizar oralmente a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades básicas de comunicación tanto en interaccións reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais cotiás e interaccións sociais básicas, producindo textos comprensibles e amosando interese por comprender e facerse comprender. 3. Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de texto, identificando cunha finalidade

FLE1 · Francés Primeira Lingua Estranxeira	FLE2 · Francés Segunda Lingua Estranxeira
<ol style="list-style-type: none"> 5. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación. 6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas. 7. Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe). 8. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais. 9. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira. 10. Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos. 	<p>comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os textos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 4. Escribir textos sinxelos con cohesión e coherencia e que respecten as regras do código escrito. 5. Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior grao de autonomía textos adecuados ás capacidades e intereses co fin de obter informacións requiridas previamente. 6. Usar estratexias de aprendizaxe xa aprendidas noutras linguas e desenvolver e ampliar outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á aprendizaxe da segunda lingua estranxeira. 7. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias. 8. Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura galega para cumprir, se é o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais.

4. Contidos: temporalización

FLE1			
Bloque 1. escoitar, falar e conversar	Bloque 2. Ler e escribir	Bloque 3. Coñecementos da lingua	Bloque 4. Aspectos socioculturais
<ul style="list-style-type: none"> • Escoita, identificación e comprensión do significado xeral e específico de conversas interpersoais sinxelas sobre temas coñecidos presentados de forma clara e organizada co fin de contestar no momento a preguntas ou cuestións sobre temas coñecidos. • Escoita, identificación e comprensión xeral e dos datos máis relevantes de programas emitidos por medios de comunicación audiovisuais nunha linguaxe clara e sinxela. • Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave e identificación da actitude e intención do falante. • Produción oral de descrições, narracións e explicacións sobre experiencias, acontecementos e contidos diversos. • Participación activa en conversas e simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos. • Uso de estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando, verificando a comprensión e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. • Emprego de respostas espontáneas e precisas a situacións de comunicación na aula. • Uso de convencións propias da conversa en actividades de comunicación reais e 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación da intención do emisor da mensaxe. • Comprensión de instrucións e indicacións sinxelas e de comentarios básicos aos seus traballos escritos. • Obtención de información xeral de textos orais auténticos, gravados e en soporte multimedia que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas de conversa habituais na idade das alumnas e alumnos. • Comprensión xeral e específica de diversos tipos de texto, en soporte papel e dixital, de interese xeral ou referidos a contidos doutras materias do currículo. • Lectura autónoma de textos máis extensos relacionados co seus intereses. • Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas específicas. • Consolidación de estratexias de lectura xa utilizadas como a identificación do tema dun texto escrito coapoio contextual que este conteña. • Composición de textos diversos, con léxico axeitado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión para marcar con claridade a relación entre as ideas e utilizando con autonomía estratexias básicas no proceso de composición escrita como a planificación, textualización e revisión do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecementos lingüísticos. • Uso de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiáns e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo. • Recoñecemento de antónimos, sinónimos e «falsos amigos» e formación de palabras a partir de prefixos e sufixos. • Consolidación e uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación. • Recoñecemento e pronuncia de fonemas de especial dificultade. • Recoñecemento e produción autónoma de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. • Reflexión sobre a aprendizaxe. • Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar o léxico. • Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou recursos dixitais e informáticos. • Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece. • Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe. • Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela. 	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da importancia da lingua estranxeira en todos os eidos das relacións internacionais. • Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices/zas da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou medios dixitais. • Coñecemento dos elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a prensa, a internet e outras tecnoloxías da información e comunicación. • Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas. • Identificación das características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e respecto a patróns culturais distintos aos existentes en Galicia. • Uso apropiado, desde o punto de vista sociocultural, de fórmulas lingüísticas en situacións concretas de comunicación para expresar matices semánticos, como cortesía, acordo, discrepancia...

FLE1			
Bloque 1. escoitar, falar e conversar	Bloque 2. Ler e escribir	Bloque 3. Coñecementos da lingua	Bloque 4. Aspectos socioculturais
<p>simuladas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso autónomo de estratexias de comunicación para iniciar, manter e terminar a interacción. • Valoración das linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiros doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. • Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira. 	<ul style="list-style-type: none"> • Uso con certa autonomía do rexistro axeitado ao lector ao que vai dirixido o texto (formal e informal). • Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos. • Presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital utilizando correctamente a ortografía e os signos de puntuación. • Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua, como actividade de mediación ante interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participación activa e cooperativa en actividades e traballos grupais. • Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita. 	

FLE2

Bloque 1. escoitar, falar e conversar	Bloque 2. Ler e escribir	Bloque 3. Coñecementos da lingua	Bloque 4. Aspectos socioculturais
<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión detallada de textos emitidos dentro da aula relacionados coas actividades habituais, e de textos curtos gravados ou emitidos en soporte multimedia e articulados con claridade e ritmo e acentuación estándar. • Obtención de información xeral de textos orais auténticos gravados e en soporte multimedia que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas de conversa habituais nesa idade escolar. • Participación activa en situacións reais de comunicación ou simuladas empregando expresións cada vez máis complexas, baseadas en modelos e estruturas lingüísticas coñecidas (para falar da familia, doutras persoas, de actividades diarias, gustos, lugares e obxectos, con estrutura lóxica e con pronunciación intelixible que non impida a comunicación). • Participación en conversas espontáneas, relacionadas coas actividades de aula, e en simulacións sinxelas e comúns con todo tipo de interaccións (parellas, grupos, equipos) dentro da aula, narrando historias ou describindo acontecementos, persoas e lugares, plans e citas, con pronuncia e entoación axeitadas para conseguir a comunicación, e colaborando co seu interlocutor para facilitarlle a comprensión, e utilizando adecuadamente os conectores básicos necesarios para asegurar a cohesión e coherencia do discurso. • Uso de estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas: colaborando cos demais na interacción, verificando a comprensión propia e a dos demais e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. • Consciencia no uso de estratexias de 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de instrucións e indicacións sinxelas e de comentarios sinxelos aos seus traballos escritos. • Comprensión da información xeral e específica de textos auténticos, en soporte papel e dixital, breves, que conteñan vocabulario frecuente sobre temas cotiáns de interese xeral, que vehiculen aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira e relacionados con contidos básicos doutras áreas do currículo. • Análise da estrutura, contido, léxico e estruturas sintácticas dun texto para identificar o tipo de que se trata: literario, informativo, científico, etc. distinguindo os distintos núcleos de información e as relacións lóxicas de cohesión e coherencia establecidas entre eles (conectores textuais e estratexias de progresión do tema). • Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación do contido dun texto escrito coa axuda de elementos textuais e paratextuais (tipografía, deseño gráfico, imaxes...), uso do contexto, de dicionarios ou aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que se coñecen. • Lectura autónoma de textos de certa extensión relacionados cos seus intereses superando as limitacións dos coñecementos lingüísticos mediante a utilización de estratexias de comprensión lectora, adecuadas á finalidade da lectura: intensiva, para informarse minuciosamente; selectiva, en busca dunha información específica; extensiva, lectura rápida dun texto longo; e oceánica, para facerse unha idea global do texto. • Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas individuais ou en 	<ul style="list-style-type: none"> • Uso de elementos morfolóxicos (substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, pronomes, preposición, conectores, ordenadores do discurso (de comezo e de conclusión); de explicación -é dicir, isto é...- de resume, causa-efecto, exemplificación e condición que permitan recoñecer, formular e organizar enunciados e mensaxes. • Uso de expresións frecuentes e de locucións idiomáticas, frases feitas, circunloquios e léxico sobre temas pertinentes para a súa vida diaria e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo. • Uso de antónimos, sinónimos e «falsos amigos», substitución léxica sinxela e formación de palabras a partir de prefixos e sufixos. • Uso de estruturas lingüísticas e funcións comunicativas asociadas a diferentes contextos propios da súa idade. • Uso de esquemas textuais básicos relativos a textos narrativos descritivos e instrucionais. • Recoñecemento e produción autónoma e intelixible de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. • Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar o léxico. • Uso autónomo de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos, a súa integración na propia competencia e a súa reutilización: memorización, percepción de diferenzas e similitudes entre linguas coñecidas, transferencia. • Uso de estratexias para producir lingua adecuadamente mediante estratexias de combinación: reconstruíndo o significado dunha secuencia ou ampliándoa ou reformulándoa con elementos coñecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da importancia da lingua estranxeira en todos os eidos das relacións internacionais. • Identificación das características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e respecto por patróns culturais distintos aos existentes en Galicia, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a prensa, a internet e outras tecnoloxías da información e comunicación. • Consciencia da propia competencia para axudar, servindo de mediadores entre individuos que non teñan unha lingua común e carezan, por tanto, da capacidade para comunicarse en situacións básicas. • Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou medios dixitais ou tecnoloxías da comunicación que permiten os intercambios orais e escritos. • Valoración do enriquecemento persoal que supoñen a relación e a comunicación con persoas pertencentes a outras culturas. • Interese e iniciativa na comunicación con falantes ou aprendices da lingua estranxeira, utilizando soporte papel, medios dixitais e informáticos. • Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a esta, evitando actitudes etnocéntricas.

FLE2

Bloque 1. escoitar, falar e conversar	Bloque 2. Ler e escribir	Bloque 3. Coñecementos da lingua	Bloque 4. Aspectos socioculturais
<p>comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non-verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde, cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso de rutinas ou modelos de información que o destinatario vai recoñecer como narración, descrición ou instrucións. • Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua coa finalidade de facer o texto comprensible a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira. • Valoración das linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. • Actitude crítica ante as desigualdades amosadas nas mensaxes procedentes dos diferentes medios de comunicación social, audiovisuais e multimedia. 	<p>grupo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Produción guiada de textos sinxelos e estruturados, utilizando elementos de cohesión máis complexos (conectores, substitucións léxicas, mantemento de tempo verbal, etc.) para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando adecuadamente a ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. • Uso de diversas estratexias de expresión como a planificación, atendendo ao destinatario e ao tipo de texto descritivo, narrativo, instrutivo- que corresponda á intención de comunicación; a xeración de ideas mediante creación de listas, esquemas, remuíños de ideas colectivos...; a textualización, organizando as ideas en parágrafos e encadeando estes con marcadores temporais e lóxicos necesarios, atendendo ao tipo de texto; localización de recursos coma dicionarios; e a revisión do texto, nos aspectos relativos a ortografía, puntuación, orde das palabras e tempos verbais. • Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira mediante a correspondencia postal ou utilizando medios informáticos (e-mail, chats, etc.), identificando nestes últimos a ausencia de corrección da gramática, a sintaxe e a ortografía debidos á velocidade a á resposta instintiva e impulsiva que xera a súa inmediatez. • Presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital -uso de marxes, espazos entre parágrafos, maiúscula ao inicio de parágrafo, guións nos diálogos- utilizando as regras básicas de ortografía e puntuación e valorando da súa importancia nas comunicacións escritas. • Comprensión do sentido dun texto, desverbalización -desligándose da 	<ul style="list-style-type: none"> • Organización e uso de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou recursos dixitais e informáticos. • Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece ou mediante dedución das regras de análise da lingua estranxeira. • Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección. • Valoración da capacidade persoal para progresar no coñecemento e no uso da lingua. • Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe. • Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela. • Participación activa en actividades e traballos individuais e cooperativa nos grupais. • Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita. 	

FLE2			
Bloque 1. escoitar, falar e conversar	Bloque 2. Ler e escribir	Bloque 3. Coñecementos da lingua	Bloque 4. Aspectos socioculturais
	<p>formulación lingüística orixinal- e reexpresión do sentido na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo, que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.</p>		

Temporalización

* Contidos de FLE1

		Contidos	Actividades/ Metodoloxía	Crterios de avaliación
1º tr	UD1	<p>ASPECTOS COMUNICATIVOS Explicar o que hai que facer para estar en forma Expresar estados físicos Falar das vantaxes do deporte Expresar sentimentos Propoñer actividades aos compañeiros adaptadas aos seus gustos e ás súas aspiracións</p> <p>GRAMÁTICA - REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA Os pronomes demostrativos Os adxectivos indefinidos Os pronomes indefinidos A frase exclamativa Revisión: <i>avoir mal à / au / à l' + nom</i></p> <p>GRAMÁTICA – CONXUGACIÓN Revisión do imperativo na forma tu</p> <p>VOCABULARIO Verbos e nomes relativos aos beneficios do deporte Os deportes Os alimentos O corpo humano Os elementos da casa</p>	<p>COMPREENSIÓN ORAL Resposta a preguntas logo de escoitar unha audición. Escoita, repetición e transformación da entoación da frase segundo o que se queira expresar.</p> <p>COMPREENSIÓN ESCRITA Audición, lectura e asociación de textos a fotos. Lectura dunha banda deseñada e resposta a unha serie de cuestións. Resposta a unha serie de cuestións logo de ler un texto. Localización nun texto dunha serie de palabras que pertencen ao mesmo campo semántico: l'aviation* Procura dos nomes que corresponden a uns adxectivos propostos Procura de sinónimos. Exercicios de verdadeiro / falso. Resposta a unha serie de preguntas observando un cadro* Análise de estruturas lingüísticas e procura da equivalente na lingua materna Procuras en Internet, dicionarios ou enciclopedias Realización de tests</p> <p>EXPRESIÓN ORAL Observación de fotografías e resposta a cuestións concretas</p>	<p>Formular oralmente e por escrito os beneficios que nos pode aportar o deporte</p> <p>Construír frases sinxelas empregando os pronomes demostrativos</p> <p>Construír frases sinxelas empregando os pronomes e adxectivos indefinidos</p> <p>Construír frases exclamativas de varias formas</p> <p>Identificar expresións idiomáticas</p>

	Contidos	Actividades/ Metodoloxía	Criterios de avaliación
	<p>O ciclismo O tabaquismo*</p> <p>FONÉTICA A exclamación O s ao final de palabra non se pronuncia A liaison : o s ao final de palabra pronúnciase [z] diante de vocal ou h mudo</p> <p>ASPECTOS SOCIOCULTURAIS Os deportes. O Tour de Francia* A aviación: unha paixón* O tabaquismo entre os mozos europeos* Un pintor impresionista: Paul Cézanne* Actividades extraescolares: cultivar unha paixón despois do instituto</p>	<p>empregando as estruturas gramaticais e vocabulario da unidade.</p> <p>EXPRESIÓN ESCRITA Redacción por parellas Cubrir táboas Realización de exercicios de asociación Transformación de frases segundo modelos Construción de textos cunha serie de palabras propostas* En grupo, elaboración dunha listaxe de actividades, gustos e aspiracións* Redacción en grupo de ideas e propostas para loitar contra o fame no mundo*</p>	
UD2	<p>ASPECTOS COMUNICATIVOS Expresar a súa opinión sobre a importancia dos informativos* Expresar hipóteses sobre o presente e o futuro Pedir e dar consellos Expresar a súa opinión sobre a utilidade da publicidade</p> <p>GRAMÁTICA - REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA Expresión da causa: comme, parce que, car + indicatif ; grâce à + nom ou pronom ; à cause de, d', du, des + nom ou pronom Expresión da finalidade: pour, afin de, d' + infinitif Efectuar hipóteses: si + imparfait de l'indicatif – conditionnel Pedir e dar consellos: Tu devrais + infinitif ; Tu ferais mieux de /d' + infinitif ; À ta place, je + conditionnel</p> <p>GRAMÁTICA – CONXUGACIÓN O condicional dos verbos regulares e irregulares</p>	<p>COMPREENSIÓN ORAL Respostas a preguntas formuladas por escrito en diversos exercicios Asociación dunha serie de consellos a frases propostas* Dictado</p> <p>COMPREENSIÓN ESCRITA Lectura dunha banda deseñada e resposta a unha serie de cuestións Resposta a unha serie de cuestións logo de ler un texto Localización nun texto dunha serie de palabras que pertencen ao mesmo campo semántico: la publicité* Asociación de palabras á súa definición Análise de estruturas lingüísticas e procura da equivalente na lingua materna Procuras en Internet, dicionarios ou enciclopedias</p> <p>EXPRESIÓN ORAL Presentación dos traballos á clase Expresión da opinión respecto de citas aparecidas nos documentos escritos ou de fotos e publicidade</p>	<p>Formular oralmente e por escrito frases sinalando a causa.</p> <p>Expresar a finalidade, polo menos de dous xeitos diferentes.</p> <p>Construír hipóteses oralmente e por escrito sobre o presente e o futuro.</p> <p>Empregar as expresións lingüísticas apropiadas para pedir e dar consellos.</p> <p>Dar a súa opinión oralmente e por escrito sobre: os informativos, os programas da televisión, a publicidade e Internet.</p> <p>Dominar a construción do condicional. Coñecer o vocabulario relativo aos temas tratados na unidade.</p> <p>Asimilar os diferentes sons do francés e a súa entoación particular.</p>

	Contidos	Actividades/ Metodoloxía	Crterios de avaliación
	<p>VOCABULARIO As seccións do informativo: politique intérieure, économie, culture, politique étrangère, faits-divers, international, social, santé, sciences, environnement, sport, etc. Os programas da televisión: les clips, le débat, le dessin animé, le divertissement, le documentaire, le film, le jeu, la série, la météo, le magazine, la télé-réalité, le tirage du loto, la chaîne, la télécommande, allumer/ éteindre, zapper, etc. A publicidade: séduire, faire vendre, convaincre, inciter à acheter, informer, une marque, un produit, un spot, la consommation, influencer, etc. Internet: le Net, adresses, sites, reçu, cliquer, toile, naviguer, connecter, e-mail, boîte de réception, afficher, etc.</p> <p>FONÉTICA Os homófonos: cour, court, cours / là, la, l'a / peu, peut, peut. O t non pronunciado ao final de palabra As diferentes grafías do son [3]</p> <p>ASPECTOS SOCIOCULTURAI A publicidade Os medios de comunicación</p>	<p>EXPRESIÓN ESCRITA Redacción por parellas Transformación de frases segundo o modelo Construción de textos cunha serie de palabras propostas Creación dunha sondaxe sobre a televisión/publicidade* En grupo, realización dun proxecto de informativo para mozos e presentación á clase</p>	<p>Crear formularios con <i>Google docs</i></p>
2º tr	<p>ASPECTOS COMUNICATIVOS Describir os seus compañeiros: virtudes e defectos (adx. e vbos) Falar das relacións cos pais Falar dos valores dos mozos Expressar as vantaxes e inconvenientes de ser adulto</p> <p>UD3 GRAMÁTICA - REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA Palabras que serven para expresar a oposición: <i>mais, pourtant, cependant, même si + indicatif, par contre, alors que, tandis que</i> Palabras que serven para expresar a concesión: <i>malgré + nom, bien que + subjonctif</i> Palabras que serven para expresar a finalidade: <i>pour, afin de + infinitif, pour que, afin que + subjonctif présent</i> Revisión dos pronomes persoais: tónicos, COD e COI</p>	<p>COMPREENSIÓN ORAL Resposta a preguntas logo de escoitar unha audición Escoita e repetición das diferentes entoacións: declarativa, exclamativa e interrogativa Dedución da regra de escritura de diferentes sons Elaboración de frases logo de realizar unha escoita</p> <p>COMPREENSIÓN ESCRITA Lectura dunha banda deseñada e resposta a unha serie de cuestións Resposta a unha serie de cuestións logo de ler un texto Análise de estruturas lingüísticas e procura da equivalente na lingua materna Procuras en Internet, dicionarios ou enciclopedias</p>	<p>Saber describir oralmente e por escrito as calidades e os defectos dos compañeiros</p> <p>Saber falar das relacións cos pais</p> <p>Indicar os valores máis importantes para un mesmo</p> <p>Formular oralmente e por escrito frases sinalando a oposición</p> <p>Expressar a finalidade, polo menos de dous xeitos diferentes</p> <p>Formular oralmente e por escrito frases sinalando a concesión</p>

	Contidos	Actividades/ Metodoloxía	Criterios de avaliación
	<p>GRAMÁTICA – CONXUGACIÓN O subxuntivo presente</p> <p>VOCABULARIO Adxectivos para describir persoas (carácter e personalidade) Valores dos mozos Os apelidos franceses: <i>Boulangier, Brun, Curé, Breton, Lepetit, Duc, Blanc, Charpentier, Roux</i>.*</p> <p>FONÉTICA A entoación: frases declarativas, interrogativas e exclamativas As diferentes grafías do son [i] As diferentes grafías do son [dj]</p>	<p>EXPRESIÓN ORAL Observación de fotografías e resposta a cuestións concretas empregando as estruturas gramaticais e vocabulario da unidade Formulación de diversas preguntas en referencia ao tema tratado aos compañeiros Debate: <i>Peux-tu tout raconter à tes parents ?</i></p> <p>EXPRESIÓN ESCRITA Redacción por parellas. Cubrir táboas* Realización de test Observación de ilustracións e elaboración de frases* Realización de exercicios de asociación* Transformación de frases segundo o modelo* Construción de textos cunha serie de palabras propostas* Construción de frases completas <i>Construción dunha publicidade para un concerto</i></p>	<p>Coñecer os nomes dos problemas máis importantes da sociedade e dos valores dos mozos*</p> <p>Dominar a construción do modo subxuntivo</p> <p>Coñecer o vocabulario relativo aos temas tratados na unidade</p>
UD4	<p>ASPECTOS COMUNICATIVOS Falar das vantaxes que supón traballar dentro dunha asociación humanitaria* Expresar desexos</p> <p>GRAMÁTICA - REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA A expresión da duración: <i>depuis, depuis que/qu', il y a, cela fait...que/qu'</i> Os pronomes interrogativos: <i>lequel lequél, lesquels / laquelle, lesquelles ; quel, quels / quelle, celles + être + nom</i> A expresión de desexos: <i>je veux / je voudrais / j'aimerais + infinitif. Je veux que / je voudrais que / j'aimerais que + subjonctif présent</i></p> <p>GRAMÁTICA – CONXUGACIÓN Revisión do presente de subxuntivo</p> <p>VOCABULARIO O voluntariado* A auga* A enerxía* A canción: <i>le concert, le CD, la salle de spectacles, artistes, la chanson, le chanteur</i>, etc.</p>	<p>COMPREENSIÓN ORAL Resposta a preguntas logo de escoitar unha audición. Ditado.</p> <p>COMPREENSIÓN ESCRITA Lectura dunha banda deseñada (<i>Je veux être mono</i>) e resposta a unha serie de cuestións* Resposta a unha serie de cuestións logo de ler un texto. Estudo da estrutura dun texto Localización nun texto dunha serie de palabras que pertencen ao mesmo campo semántico: <i>la chanson</i> Análise da composición dun artigo Procura de sinónimos Análise de estruturas lingüísticas e procura da equivalente na lingua materna Procuras en Internet, dicionarios ou enciclopedias</p> <p>EXPRESIÓN ORAL Lectura de textos e resposta a cuestións concretas empregando as estruturas gramaticais e vocabulario da unidade Presentación dun proxecto á clase</p>	<p>Formular e responder a preguntas nas que se suscite expresar gustos, preferencias ou eleccións</p> <p>Construír correctamente frases que indiquen duración no tempo</p> <p>Saber describir correctamente un obradoiro de mozos*</p> <p>Definir oralmente e por escrito un proxecto humanitario*</p> <p>Utilizar con corrección os pronomes interrogativos</p> <p>Coñecer o vocabulario relativo aos temas tratados na unidade</p>

	Contidos	Actividades/ Metodoloxía	Criterios de avaliación	
	<p>FONÉTICA A oposición [ø] / [oe]: <i>peu / Europe</i>. As grafías do son [ʒ] : <i>français, reconnaître, succès, pleine, aide, interprète</i>. Os homófonos: <i>cours / court, à / a, son / sont</i>. A apóstrofe: <i>l'eau, l'oignon, s'il te plaît, l'hôpital, je n'ai pas, la prof d'histoire</i>, etc.</p> <p>ASPECTOS SOCIOCULTURAIS Vantaxes do traballo voluntario* As asociacións benéficas* Os obradoiros solidarios Traballo voluntario no verán* Un poeta francés: Jacques Prévert. Artistas comprometidos</p>	<p>EXPRESIÓN ESCRITA Redacción por parellas Cubrir táboas Realización de exercicios de asociación Transformación de frases segundo o modelo Construción de textos cunha serie de palabras propostas Construción de frases Elaboración de definicións</p>		
3º tr	UD5	<p>ASPECTOS COMUNICATIVOS Describir as súas actividades preferidas Expresar os seus gustos en materia de cine Dar a súa opinión sobre os museos *</p> <p>GRAMÁTICA - REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA A negación de varios elementos: <i>ne / n' + ni + ni (+ ni) / ne / n' pas + ni (+ni)</i> A expresión da restricción: <i>ne / n' + verbe + que / qu' = seulement</i> O lugar do adxectivo: despois do nome normalmente excepto: <i>bon(ne), mauvais(e), grand(e), petit(e), gros(se), jeune, vieux (vieille), gentil(le), meilleur(e), autre, beau (belle), joli(e), long(ue), nouveau (nouvelle), premier(ère)</i> O adxectivo: <i>vieux > vieil, beau > bel, nouveau > nouvel</i> diante de vocal ou de <i>h</i> mudo A concordancia do participio pasado: co auxiliar <i>être</i> e o pronome <i>on</i> (= <i>nous</i>) e co auxiliar <i>avoir</i></p> <p>VOCABULARIO O lecer As disciplinas artísticas Os xéneros cinematográficos Os museos</p> <p>FONÉTICA A <i>liaison</i> : adxectivo / nome : <i>un jeune homme ; meilleur ami</i>.</p>	<p>COMPREENSIÓN ORAL Respostas a preguntas logo de escoitar unha audición. Escoita, repetición e dedución da regra de pronunciación.</p> <p>COMPREENSIÓN ESCRITA Lectura dunha banda deseñada (<i>Grand concours d'expression contemporaine du lycée Montaigne, thème : La nature</i>) e resposta a unha serie de cuestións.* Resposta a unha serie de cuestións logo de ler un texto. Definición de palabras. Localización nun texto dunha serie de palabras que pertencen ao mesmo campo semántico: <i>l'espace</i>. * Procura de sinónimos. Procura dun título para un artigo Análise de estruturas lingüísticas e procura da equivalente na lingua materna Procuras en Internet, dicionarios ou enciclopedias</p> <p>EXPRESIÓN ORAL Lectura dun texto e resposta a cuestións concretas empregando as estruturas gramaticais e vocabulario da sección. Escoita e repetición. Presentación do proxecto á clase.</p> <p>EXPRESIÓN ESCRITA Redacción por parellas. Cubrir táboas.</p>	<p>Relatar oralmente e por escrito as actividades que realiza un mesmo no seu tempo libre.</p> <p>Dicir o que lle gusta facer a un mesmo en compañía dos seus amigos.</p> <p>Dominar as fórmulas lingüísticas apropiadas para expresar a restricción.</p> <p>Saber expresar oralmente e por escrito as propias preferencias cinematográficas.</p> <p>Expresar a opinión propia sobre os museos.*</p> <p>Construír frases negando varios elementos gramaticalmente correctos.</p> <p>Situar correctamente os adxectivos, tanto oralmente como por escrito.</p> <p>Construír frases en <i>passé composé</i>, facendo concordar correctamente o participio pasado.</p> <p>Empregar correctamente o vocabulario necesario en cada situación de comunicación.</p> <p>Ler con corrección textos curtos e simples.</p>

	Contidos	Actividades/ Metodoloxía	Criterios de avaliación
	<p>Palabras difíciles de pronunciar: <i>mythologie égyptienne, reproduction d'œuvres d'art, prestidigitation.</i> O <i>t</i> pronunciado [s]: <i>information, évolution, spatiale, station.</i> Os homófonos: <i>ma / m'a ; leur / leurs ; a / à.</i></p>	<p>Realización de exercicios de asociación. Transformación de frases segundo o modelo. Construción de textos cunha serie de palabras propostas. Construción de frases. Estudo da estrutura dun texto. Redacción de definicións. Redacción en grupo dun dicionario do tempo libre* Realización de test.</p>	
UD6	<p>ASPECTOS COMUNICATIVOS Relatar as palabras de alguén Contar o que che preguntan outras persoas Explicar o que alguén dixo</p> <p>GRAMÁTICA - REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA O estilo indirecto en presente: referir unha afirmación, unha pregunta ou unha petición O estilo indirecto en pasado</p> <p>VOCABULARIO Verbos que introducen frases en estilo indirecto: <i>dire que, raconter que, expliquer que, affirmer que, penser que, annoncer que, répondre que, demander, veut savoir, souhaite savoir, désire savoir, voudrait savoir, aimerait savoir, demander de, proposer de, suggérer de, conseiller de, supplier de, interdire de.</i> Praceres e momentos agradables: <i>faire des balades en forêt, être amoureuse, faire des maquettes, admirer un coucher de soleil, faire la grasse matinée, les décorations de Noël, regarder un bon film, etc.</i> A comunicación: <i>dialogue, discuter, plate-forme d'information, discussion, etc.</i> A radio</p> <p>FONÉTICA O « d » ao final de palabra : <i>le pied, d'accord, il correspond, , un grand arbre [t], un grand hôtel [t].</i></p>	<p>COMPRENSIÓN ORAL Resposta a preguntas logo de escoitar unha audición.</p> <p>COMPRENSIÓN ESCRITA Lectura dunha banda deseñada e resposta a unha serie de cuestións. Resposta a unha serie de cuestións logo de ler un texto. Localización nun texto dunha serie de palabras que pertencen ao mesmo campo semántico: <i>communication.</i> Procura de sinónimos. Análise de estruturas lingüísticas e procura da equivalente na lingua materna. Procuras en Internet, dicionarios ou enciclopedias.</p> <p>EXPRESIÓN ORAL Lectura de textos e observación de fotografías e resposta a cuestións concretas empregando as estruturas gramaticais e vocabulario da unidade.</p> <p>EXPRESIÓN ESCRITA Redacción por parellas. Cubrir táboas. Realización de exercicios de asociación. Transformación de frases segundo modelos. Construción de textos cunha serie de palabras propostas Construción de frases. Reconstrución de expresións. Redacción de definicións. En grupo, redacción de mensaxes para un foro* Redacción dun texto sobre os dereitos dos nenos*</p>	<p>Relatar oralmente e por escrito todo aquilo que o preocupa</p> <p>Expresarse correctamente para indicar aquilo que lle gusta</p> <p>Saber empregar o estilo indirecto en presente para referir unha frase, unha pregunta simple, unha pregunta cunha palabra interrogativa, unha pregunta con <i>qu'est-ce que</i>, unha petición, unha prohibición</p> <p>Saber empregar o estilo indirecto en pasado para referir unha frase ao presente ou ao futuro</p> <p>Empregar correctamente o vocabulario necesario en cada situación de comunicación</p> <p>Ler con corrección textos curtos e simples</p>

5. Criterios de avaliación

FLE1 · Francés Primeira Lingua Estranxeira

- Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais emitidas en situacións de comunicación interpersoal ou polos medios audiovisuais, sobre temas que non exijan coñecementos especializados.
- Con este criterio avalíase a capacidade de alumnos e alumnas para comprender mensaxes emitidas en situación de comunicación cara a cara e que xiren en torno a necesidades materiais e relacións sociais, sensacións físicas e sentimentos ou opinións.
- Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.
- Con este criterio valórase a capacidade para desenvolverse en conversas con intencións comunicativas diversas (establecer relacións, expoñer, narrar e argumentar, describir e dar instrucións), utilizando así estratexias e os recursos que aseguren a comunicación cos interlocutores habituais na aula ou falantes nativos.
- Comprender a información xeral e específica de diversos textos escritos auténticos e adaptados e de extensión variada, identificando datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e intención comunicativa do autor.
- A través deste criterio apreciarase a capacidade do alumnado para comprender os textos máis usuais e útiles da comunicación escrita, ou textos literarios e de divulgación que traten temas relacionados coa cultura e a sociedade dos países onde se fala a lingua estranxeira estudada, aplicando as estratexias adquiridas e progresando noutras novas como a realización de inferencias directas.
- Con este criterio tamén se avalía a capacidade para ler de forma autónoma textos de maior extensión co fin de consultar ou buscar información sobre contidos diversos, para aprender, ou por pracer ou curiosidade, facendo uso correcto de dicionarios e doutras fontes de información en soporte papel ou dixital.
- Redactar con certa autonomía textos diversos cunha estrutura lóxica, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan facilmente comprensibles para o lector.
- Trátase de apreciar a capacidade para comunicarse por escrito de forma ordenada, iniciándose na produción de textos libres (avisos, correspondencia, instrucións, descrições, relatos de experiencias, noticias...) cunha estrutura adecuada, lóxica e prestando especial atención á planificación do proceso de escritura.
- En todos os escritos, en papel ou soporte dixital, avaliarase a progresiva utilización das convencións básicas de cada xénero e a presentación clara, limpa e ordenada.
- Utilizar de forma consciente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de

FLE2 · Francés Segunda Lingua Estranxeira

- Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais curtas emitidas de forma clara, breve e organizada, en situacións de comunicación interpersoal ou polos medios audiovisuais, sobre temas concretos e coñecidos polo alumnado, así como sobre temas relacionados con aspectos cotiáns e socioculturais (organización do sistema escolar, da Seguridade Social, das vacacións...), relativos ao país ou países nos que se fala o idioma estudado.
 - Con este criterio avalíase a capacidade de alumnos e alumnas para comprender mensaxes emitidos en situación de comunicación cara a cara e que xiren arredor de necesidades materiais, sensacións físicas e sentimentos ou opinións. Así mesmo, preténdese medir con este criterio a capacidade para comprender presentacións sobre aspectos ligados a contidos básicos do currículo da etapa. Valorarase igualmente a utilización de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.
 - Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación.
 - Con este criterio valórase a capacidade para desenvolverse en conversas con intencións comunicativas básicas diversas (establecer relacións, narrar, dar a súa opinión, describir), utilizando as normas de interacción adecuadas ao rexistro familiar ou neutro derivado do contexto, e as estratexias e os recursos básicos que aseguren a comunicación cos interlocutores (preguntar, pedir que se soletree ou se fale máis amodo...).
- Os intercambios comunicativos conterán elementos de coordinación e subordinación básica que poden presentar algunhas incorreccións que non dificulten da comunicación.
- Trátase de valorar o uso dos recursos lingüísticos adquiridos e a súa adecuación sociolingüística. Valorarase igualmente a independencia progresiva dos modelos e o interese e iniciativa na comunicación.
 - Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada sobre temas traballados na aula e tamén que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira recoñecendo feitos e opinións, identificando, se é o caso, a intención comunicativa do autor, e utilizando as estratexias requiridas pola finalidade da lectura.
 - A través deste criterio avalíase a capacidade para comprender diferentes tipos de textos escritos (narrativos, descritivos) que traten temas de interese xeral ou relacionados con outras áreas do currículo, aplicando as estratexias de lectura.
 - Con este criterio tamén se avalía a capacidade para ler de forma autónoma libros, noticias, instrucións, explicacións, etc., de certa extensión, en diferentes soportes e con finalidades diversas: procurar ou comunicar información para a realización dunha tarefa específica, aprender contidos doutras áreas ou por pracer ou por entretemento.
 - Redactar de forma guiada textos diversos, atendendo

FLE1 · Francés Primeira Lingua Estranxeira

autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.

- Este criterio avalía a capacidade para aplicar os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico e reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posible a comprensión tanto das súas propias producións como das alleas.
- Identificar, utilizar e explicar estratexias utilizadas, poñer exemplos doutras posibles e decidir sobre as máis axeitadas ao obxectivo da aprendizaxe.
- Este criterio pretende avaliar se as alumnas e os alumnos utilizan as estratexias que favorecen o proceso de aprendizaxe, como a aplicación autónoma de formas diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico; o uso cada vez máis autónomo de dicionarios, recursos bibliográficos, informáticos e dixitais; a análise e a reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece, a utilización consciente das oportunidades de aprendizaxe na aula e fóra dela, a participación na avaliación da propia aprendizaxe ou o uso de mecanismos de autocorrección.
- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación con certa autonomía para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso.
- Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais tanto orais como escritas.
- Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establecer algunhas relacións entre as características máis significativas dos costumes, usos, actitudes e valores da sociedade falante da lingua en estudo e a propia, e amosar respecto cara a elas.
- Este criterio pretende comprobar se coñecen algunhas mostras significativas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira, se establecen semellanzas e diferenzas e se valoran e respectan patróns culturais distintos aos propios.
- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.
- Trátase de avaliar a capacidade de facer mediación entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.

FLE2 · Francés Segunda Lingua Estranxeira

ao destinatario e ao esquema textual que corresponda á intención de comunicación, coidando o léxico, ás estruturas lingüísticas, e algúns elementos máis complexos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensibles ao lector e revisando o produto final para verificar ortografía, puntuación, orde de palabras e tempos verbais.

- Este criterio avalía a capacidade para comunicarse por escrito iniciándose na elección do rexistro adecuado. Os textos presentarán unha sintaxe simple e facilmente comprensible, léxico limitado pero axeitado ao contexto e corrección na ortografía, puntuación, orde das palabras e tempos verbais.
- En todos os escritos, avaliarase tamén a presentación clara, limpa e ordenada e a revisión do texto antes de ser entregado. Valorarase, se é o caso, a habilidade no uso dos medios informáticos para a súa elaboración e presentación.
- Reformular na propia lingua o sentido dun texto tanto oral como escrito que conteña temas traballados na aula para facelo comprensible a un interlocutor próximo, que descoñeza a lingua estranxeira e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.
- Mediante este criterio avalíase a capacidade de mediar, cunha actividade de interpretación informal, cando o receptor descoñece a lingua orixinal. Trátase de valorar a capacidade de desligarse da formulación lingüística orixinal e de explicar o sentido do texto de tal xeito que se poidan evitar malentendidos en un contexto social multilingüe.
- Usar as TIC de xeito progresivamente autónomo para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, amosando interese polo seu uso.
- Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías de información e comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais tanto orais como escritas, sendo consciente, no caso dos chats, do pouco coidado na escritura das frases e da ausencia de corrección da gramática, a sintaxe, e a ortografía debidos á velocidade e á resposta instintiva e impulsiva que xera a súa inmediatez.
- As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a súa actitude cara á lingua estranxeira e os seus intentos por empregala.
- Na propia lingua, comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos da cultura galega.
- Trátase de avaliar a competencia intercultural, o interese por coñecer a outra cultura e a consciencia do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas. Valorarase especialmente o coñecemento dalgúns trazos socioculturais, históricos e xeográficos dos países nos que se fala a lingua estranxeira. Dada a dificultade lingüística de expresarse na lingua estranxeira, proporanse actividades de avaliación na lingua propia posto que non é a competencia lingüística a que este criterio pretende avaliar.

6. Contidos mínimos

1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
A interrogación e a negación. O xénero feminino dos adxectivos O presente dos verbos regulares e irregulares. Verbos "pouvoir e devoir". Os adxectivos posesivos e os artigos contractos. A necesidade expresada con "il faut".	O "passé composé" cos verbos "être e avoir". O participio pasado dos verbos. A expresión "il y a". As preposicións "à, au, en, à la, aux" co verbo "aller". O futuro próximo coa expresión « aller + infinitif ». Os adxectivos demostrativos e os adxectivos interrogativos. Os pronomes tónicos. Os pronomes de obxecto directo.	O futuro dos verbos regulares . O imperfecto.

LEXICO

Relacionado cos temas tratados (materias escolares, trazos físicos, gustos e preferencias, os animais, os sentimentos e as sensacións, o medo, as viaxes, o tempo libre, a opinión, os sucesos históricos, as profesións, o desexo, as tendas, as compras, as cantidades, os números, os alimentos e os produtos ecolóxicos, a casa, os mobles, descrições de paisaxes, fauna e flora, o medio ambiente...).

Profundización do léxico estudado anteriormente no 3º curso.

7. Procedementos e instrumentos de avaliación

De acordo coa Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia sinálase, no artigo 2º o seguinte sobre o carácter da avaliación:

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será **continua**, terá **carácter formativo e orientador** e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.
2. A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, establecidos no Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e a concreción que fagan os centros no seu proxecto educativo. Terá como referentes as **competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa**. Os criterios de avaliación das materias serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos.
3. **A avaliación será continua** en canto que forma parte do proceso de ensino aprendizaxe e terá carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

Tendo en conta o anterior, establecemos os seguintes **instrumentos e actividades de avaliación** no noso Departamento:

1. O **caderno de clase**, na que deberán estar recollidas tódalas actividades da asignatura: apuntes das explicacións, exercicios, fotocopias entregadas, etc. Poderá ser demandada polo profesor para a súa corrección sen previo aviso. Nela valoraranse aspectos tales como a constancia, o interese, o orde e a limpeza, a atención prestada ás explicacións, e por suposto o grao de asimilación dos contidos.
2. A **observación directa** na clase, coa que se pode valorar o interese, a forma de traballar (individualmente e en grupo), a participación, o respecto ás normas, a actitude cara o emprego do francés na aula, o comportamento, etc.
3. A **realización e exposición de traballos monográficos**, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade na que se encaixen, aspectos previamente definidos en cada actividade (calidade do contido, presentación, puntualidade de entrega, exposición, etc.)
4. Os **exames escritos**, nos que se valorará o grao de asimilación dos contidos [valorados de 0 a 10 puntos].
5. Os **controis de verbos e vocabulario** [valorados de 0 a 10 puntos].
6. As **probas orais** (representacións, diálogos, dramatizacións, lecturas, etc) [valoradas de 0 a 10 puntos]
7. **Aula Cesga**, con exercicios para cada unidade e que deberán ser realizados antes da fin de cada trimestre. [valorados de 0 a 10 puntos].

	1ª avaliación · UD1/2	2ª avaliación·UD2/3	3ª avaliación·UD4/5
BLOQUE 1 · CO/EO	Probas de CO/EO	Probas de CO/EO	Probas de CO/EO
	Audio Control de lectura Representación de diálogos Conversa/Entrevista relativa a toma de contacto e datos persoais.	Audio Control de lectura	Audio Control de lectura Representación de diálogos Conversa/Entrevista relativa a toma de contacto e datos persoais.
BLOQUE 2 · CE/EE	Control de CE Control de EE Proxecto de EE	Control de CE Control de EE Proxecto de EE	Control de CE Control de EE Proxecto de EE
BLOQUE 3 · Cigtco	Controis de verbos e vocabulario Aula Cesga	Controis de verbos e vocabulario Aula Cesga	Controis de verbos e vocabulario Aula Cesga
BLOQUE 4 · SC	Proxecto de EE/EO*	Proxecto de EE/EO*	Proxecto de EE/EO*

* O proxecto do bloque 4 é o mesmo que o do bloque 2. Dado que terá contidos sociolingüísticos decidimos explicitalo igualmente no bloque correspondente.

Os número de controis e proxectos poderá variar entre 1 ou 2 por avaliación dependendo do grupo.

Os controis mencionados arriba para cada un dos bloques poderán levarse a cabo de maneira conxunta ou independente.

Avaliaranse tamén as actividades propostas para facer na casa, as propostas na aula e a atención e interese do alumno pola materia.

8. Criterios de cualificación e promoción do alumnado

Os anteriores instrumentos de avaliación non terán todos igual peso; para calcular a nota de cada avaliación aplicaranse as porcentaxes que figuran a continuación:

APARTADO 1. Escrito (60%)		APARTADO 2. Oral (20%)		APARTADO 3. TP (20%)		Caderno e comportamento
Exames escritos	20%	Lectura	10%	Deberes	10%	10% supl.
Controis de verbos, vocabulario / Exercicios online	20%	Conversa/Presentación	10%	Traballo de aula	10%	
Monográficos	20%					

** Naqueles grupos onde non se leven a cabo traballos monográficos o 20% da nota previsto a tal efecto basculará sobre o resto de probas escritas. Se se leva a cabo unha exposición oral, esta substituirá á proba de conversas e terá un valor do 10% da nota final.

A cualificación final obterase da suma das notas obtidas nos diferentes bloques, sempre e cando no apartado 1 se obtivese unha cualificación mínima do 3,5 / 10 (resultante da media das cualificacións nos diferentes instrumentos de avaliación). En caso de non ser así, a cualificación final non incluírá as cualificacións parciais do apartado 2.

Asemade, teranse en conta outros aspectos:

- Progresos académicos realizados na aula (constatables por observación directa e/ou a través do caderno)
- Actitude de cara a materia
- Comportamento cos iguais e co profesorado
- Prevese un 10% suplementario que se sumará á cualificación final de cada avaliación, sempre que o grao de adquisición sexa "acadado con excelencia".

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual a superior a 5.
- Non se poderán ter máis de 3 faltas de deberes acumuladas no trimestre.

- As notas do caderno e do comportamento deberán ser B ou MB.
- Ter entregado tódolos traballos e/ou proxectos.

Hai que lembrar que dado que a **avaliación é continua**, o aprobado en cada unha supón a recuperación das anteriores. **O suspenso na última avaliación**, por tanto, **implica acudir á convocatoria extraordinaria co curso completo**.

9. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Para o deseño da avaliación inicial do alumnado de 4º ESO na materia de Francés, teremos en conta os contidos mínimos de 3º ESO. Elaboraremos así a UD0, que funcionará como repaso de 3º ESO, ademais de servir para detectar as carencias do alumnado.

En función delas farase maior ou menor fincapé nas explicacións e actividades correspondentes.

Contidos	Actividades/ Metodoloxía	Criterios de avaliación
ASPECTOS COMUNICATIVOS Facer predicións: <i>C'est la rentrée !, que va-t-il se passer ?, comment sont tes nouveaux camarades ?</i> Contar: 1350, 425, 630, 636, etcétera. Formular preguntas e responder con adverbios Explicar unha cuestión gramatical aos compañeiros: <i>Explique à la classe comment tu dois construire l'impératif.</i> Dar a súa opinión sobre o instituto ou o colexio Expresar o acordo ou o desacordo coas opinións dadas	EXPRESIÓN ESCRITA Elaboración en parellas de presentacións en <i>Google docs</i> cos contidos de 3º ESO a modo de revisión. Selección de exercicios que sirvan de repaso	Comunicarse na clase de xeito natural en francés. Empregar correctamente a orde dos dobres pronomes. Empregar adecuadamente os pronomes persoais tónicos e os posesivos. Construír adverbios terminados en <i>-ment</i> .
GRAMÁTICA - REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA Os dobres pronomes persoais Os pronomes persoais tónicos Os posesivos Os adverbios en <i>-ment</i> O emprego dos tempos de pasado: <i>passé composé / imparfait</i> A frase interrogativa		Dominar, polo menos, dous xeitos para formular preguntas en francés. Empregar correctamente <i>passé composé, passé récent, imparfait, futur simple, futur proche, présent progressif, présent simple, impératif (affirmativa e negativa)</i>
GRAMÁTICA – CONXUGACIÓN O futuro simple O <i>passé composé</i> O imperativo (afirmativo / negativo) Os verbos en <i>-ger</i> e en <i>-cer</i> en presente e en imperfecto	EXPRESIÓN ORAL Exposicións orais sobre os contidos de 3º ESO a modo de revisión	Contar correctamente. Responder a preguntas sen empregar <i>oui</i> ou <i>non</i> .
VOCABULARIO Os números Os estudos A natureza e a ecoloxía		Dominar a conxugación en presente e en imperfecto dos verbos en <i>-ger</i> e <i>-cer</i> : <i>manger, lancer, nager, commencer</i> .

Contidos	Actividades/Metodoloxía	Criterios de avaliación
FONÉTICA Discriminación da grafía dos verbos en <i>-ger</i> e en <i>-cer</i> en presente e en imperfecto: <i>-g</i> , <i>-ge</i> , <i>-c-</i> , <i>-ç-</i>		Elaborar e compartir presentacións en formato dixital
ASPECTOS SOCIOCULTURAIS Enumeración das utilidades do francés na nosa sociedade.		Expoñer oralmente ao resto da clase as presentacións de <i>Google docs</i>

10. Metodoloxía

- **Activa e participativa**, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes
- **Aprendizaxe significativa**, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- **Aprendizaxe funcional**, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- **Recursos didácticos diversos** e fontes de información variadas.
- **Métodos** que teñan en conta os **diferentes ritmos de aprendizaxe**, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Emprego do **francés como lingua vehicular** na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas.
- **Metodoloxía de proxectos**, para unha adquisición eficaz das competencias. Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- **Reflexión conxunta sobre o funcionamento da lingua**, encamiñándoa a que os alumnos poidan utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicárase un **tempo á lectura**, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (fotonovelas, banda deseñada, novelas vía twitter, lecturas recomendadas, etc.)
- **Disposición da aula en pequenos grupos**, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación. Desaparecen por outra banda os lugares privilexiados de "diante-atrás", asimilados con frecuencia aos alumnos máis disciplinados e os máis díscolos respectivamente.

- **Uso das TICs**; certos grupos presentarán con moita frecuencia os seus traballos en formato dixital mediante as ferramentas que nos ofrece Google, concretamente Drive.

11. Materiais e recursos didácticos

- Programación Didáctica
- Libros de texto de diversas editoriais
- Múltiples páxinas web dedicadas á aprendizaxe do FLE
- Prensa e radio francófona en liña
- Plataformas de difusión de vídeo (Youtube) onde atopar documentos audiovisuais auténticos
- Dicionarios bilingües e conxugadores
- Atlas e mapas en francés
- Lecturas adaptadas
- Cartaces ilustrativos
- Xogos de elaboración propia
- Documentos auténticos

12. Medidas de atención á diversidade

O tratamento á diversidade recóllese de diferentes formas:

- Consideramos que unha das mellores estratexias para a **integración** do alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe é implicalo nas mesmas tarefas que o resto do grupo, con **distintos niveis de apoio e esixencia**.
- Nunha lingua o **traballo en "espiral"** é indispensable e inevitable, o que nos ofrece a posibilidade de retomar un contido non asimilado nun momento posterior de traballo, co que se evita a paralización do proceso de aprendizaxe de dito sector do alumnado con exercicios repetitivos, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación.
- A posibilidade de **distinto nivel de profundización** en moitas das actividades propostas, permitirá atender demandas de carácter máis profundo por parte de aqueles alumnos con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado.
- As diferentes actividades que se plantexan intentan conectar ao alumnado cos coñecementos que adquiriu, comezando nas primeiras semanas por realizar un **repaso dos contidos básicos** dese nivel inicial. Vannos servir para establecer as bases de todos os contidos daqueles sectores dos alumnos con deficiencias neste sentido, sendo dunha maneira continua e dentro do proceso; desta forma abórdase unha ensinanza individualizada e adaptada a cada alumno.
- De igual xeito, e mantendo esta mesma progresión, os **exercicios van crescendo paulatinamente de nivel**, para cubrir as necesidades daquel alumnado que demanda unha maior

profundización de contidos, ben polo nivel de partida dos mesmos, ou polo interese que o mesmo mostra polo tema en concreto. Desta forma ínstaselle a unha investigación que permite afondar en determinadas cuestións.

- Proponse o **intercambio de saberes** con outros compañeiros a base de traballos en grupos organizados.

13. Elementos transversais

- Ademais das **competencias claves**, ás que trataremos de contribuir en maior ou menor medida, abordaremos de maneira implícita e/ou explícita a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de **calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia**, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.
- **Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos** que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Aproveitando o tema dos hábitos e rutinas abordaremos o tema da **saúde**, da **hixiene** e da **sexualidade** dende unha óptica informativa, contrastada e non moralizante.

14. Actividades complementarias e extraescolares

- **Semana da francofonía.** Semana convocada pola Organización Internacional da Francofonía para que os 70 Estados e Gobernos que a forman celebre o seu enlace común -a lingua francesa- así como a súa diversidade. En 2016 as datas propostas xiran en torno ao 20 de marzo, cadrando con período vacacional en Galicia, polo que fixaremos unhas datas alternativas según o calendario do centro.
- **Intercambio cultural e lingüístico.** O alumnado de 3º ESO viaxará no mes de marzo a Ailly-le-haut-clocher (Somme, Picardie). Previamente, no mes de febreiro recibiremos ao grupo francés do Collège Alain Jacques. A presenza do grupo francés no noso centro será motivo de eventos diversos dos que todo o alumnado, e mesmo a comunidade educativa poderá participar.
- **Exposicións temporais** de traballos realizados polo alumnado de Francés.
- **Concurso *Savais-tu?***, que pretende motivar ao alumnado á investigación a través de acertixos semanais sobre a cultura francófona ou a lingua.

15. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

1. Correspondencia entre a temporalización prevista e a progresión do proceso de ensino.
2. Grao de satisfacción do alumnado.
3. Cualificacións obtidas polo alumnado.

16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das PD en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Os membros do Departamento elaborarán instrumentos que permitan a correcta avaliación da presente Programación Didáctica.

- Para avaliar a PD:
 - **Informes** dos membros do Departamento durante as reunións. Inclúiranse na memoria final do curso, onde se especificarán o total das unidades impartidas, as modificacións introducidas, se fose o caso, e as suxeridas.
- Para avaliar o proceso de ensino:
 - **Cuestionarios** cubertos polo alumnado acerca da materia, das prácticas docentes e da súa aprendizaxe.
 - **Ferramentas tipo portfolio** para verificación por parte do alumnado da súa propia evolución.
 - **Cualificacións** obtidas polo alumnado de cada grupo, curso e en cada avaliación.

Os resultados das análises levadas a cabo serán incluídos na memoria final de curso.

Os membros deste Departamento están conformes coa programación e para dar constancia diso, asíana coa data de hoxe, xoves 29 de outubro de 2015.